

# I CARREIRA e ANDAINA pola Diabetes BUEU 2019

## 1) PRESENTACIÓN.

O Concello de Bueu e a Asociación de Veciños da Banda do Rio presentan a I Carreira pola diabetes a favor da fundación DiabetesCERO (<https://www.diabetescero.com/>) o próximo 23 de Marzo de 2019 ás 17:30h.

As probas, tomarán a saída na zona da Avda. de Montero Rios, á altura do Museo Massó. Primeiramente, a partires das 17:30h celebraranse as carreiras de categorías inferiores, ás 18:30 horas celebrase a carreira de 5 quilómetros e por último terá lugar a andaina o rematar a carreira absoluta, aproximadamente as 19:15.

Esta será unha carreira de carácter benéfico e toda a recadación irá a favor da fundación DiabetesCERO.

## 2) CARACTERÍSTICAS DAS COMPETICIÓNES.

### 2.1.- CARREIRAS CATEGORÍAS INFERIORES (dende 3 anos ATA 14 anos).

- Realizaranse diferentes distancias segundo as diferentes categorías
- Non haberá clasificacións nin tempos de chegada a meta xa que se trata dunha proba non competitiva.

Categorías:

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ANOS NACEMENTO</b>
CATEGORIA 1	2013 a 2016
CATEGORIA 2	2008 a 2012
CATEGORIA 3	2005 a 2007

Categorías e horarios aproximados

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>DISTANCIA</b>	<b>HORARIO*</b>
CATEGORIA 1	200 metros	17:30 h
CATEGORIA 2	400 metros	17:45 h
CATEGORIA 3	800 metros	18:00 h

\*Os horarios son totalmente orientativos, podendo variar ata en +- 10 min. Segundo vaia o desenrolo das probas.

## 2.2.- CARREIRA CATEGORÍA ABSOLUTA (promesa, senior e veterán).

- Circuito urbano (asfalto, totalmente plano) de 2.5 km. de percorrido ao longo da Avda. De Montero Ríos (beiramar) o que se darán 2 voltas para así completar os 5 quilómetros dos que consta a proba absoluta.
- A saída estará situada á altura do museo Massó e a meta no parking paralelo á meta.
- Poderán participar as persoas que o desexen, maiores de 15 anos, o corredor/a ten que estar fisicamente ben preparado para a carreira, gozar de boa saúde xeral sen padecer enfermidade, defecto físico ou lesión que poida agravarse coa súa participación en dita proba. O deportista asume que para a realización da proba é necesaria unha boa condición física, psíquica e deportiva.

Categorías.

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ANOS NACEMENTO</b>
PROMESA	2000 A 2004
SENIOR	1975 A 1999
VETERAN	1974 E ANTERIORES

Horario aproximado

<b>CATEGORÍAS</b>	<b>DISTANCIA</b>	<b>HORARIO*</b>
ABSOLUTA	5000 metros	18:30 h

\*Os horarios son totalmente orientativos, podendo variar ata en +/- 10 min. Segundo vaia o desenrolo das probas.

## 2.3.- ANDAINA

- Trátase dunha andaina solidaria non competitiva de 1 quilómetro de distancia ó longo da rúa Montero Ríos, na que pode participar todo o mundo previa inscrición. Unha vez que a andaina chegue a META un representante da Fundación DiabetesCERO dará unha charla acerca da enfermidade da diabetes e a labor da fundación na axuda a investigación da mesma.
- A saída da andaina será xusto despois de pechada a carreira absoluta aproximadamente ás 19:15.
- Haberá un sorte de diferentes agasallos que doaron as diferentes casas colaboradoras.

## 2.4.- NORMATIVA PARA A CARREIRA DE CATEGORÍAS INFERIORES E ABSOLUTA.

- Os atletas deberán estar na liña de saída 5 minutos antes do comezo da carreira.
- Será motivo de descualificación calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a Organización.
- Disporase de servizo de duchas.
- A organización non se fará responsable dos obxectos de valor extraviados polos corredores.
- Quedará descualificado/a desta proba todo o que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do recorrido, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o seu dorsal ben visible ou desatenda as indicacións da organización.
- A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
- Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir aos corredores en moto, bicicleta, ou outro medio por todo o circuito.
- A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, negligencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión.
- Todo participante, polo feito de inscribirse acepta as condicións e regulamentacións impostas pola organización, polo que libera expresamente á organización ou a calquera outro patrocinador ou colaborador, ante todo tipo de accidente, lesión ou eventualidade que puidera xurdir derivada da súa participación na proba, e que non estivese cuberta polo seguro contratado. Todos os participantes inscritos na marcha están amparados por un seguro de responsabilidade civil, polo que é necesario que no momento da inscrición figure con claridade e exactitude o Nome e Apelidos de cada participante.

### 3) INSCRICIÓN.

- **Carreira Absoluta:** As inscricións faranse na web [www.galitimig.com](http://www.galitimig.com) cun custo de 6€ (o coste íntegro a favor da Fundación DiabetesCERO) por participante para a categoría absoluta de 5 quilómetros que inclúe o dorsal, camiseta conmemorativa(para as 250 primeiras inscricións), froita e bebidas. Para a categoría absoluta o día límite de inscrición será o 21 de Marzo. Non se admitirán inscricións por outro medio ou fora de prazo
- **Categorías inferiores:** As inscricións serán gratuítas e se formalizarán no mesmo día da proba no entorno de meta ou a través dos colexios do Concello de Bueu.
- **Andaina:** As inscricións se formalizarán o mesmo día da proba no entorno da saída a cambio dun donativo para a fundación DiabetesCERO, os donativos superiores a 3€ recibirán unha camiseta infantil conmemorativa ata agotar existencias.
- **Dorsal 0:** Existirá a posibilidade de colaboración cun simbólico dorsal “0” no que calquera que non poida participar pode realizar a súa doación no seguinte número de conta: **ES78 2100 4730 0702 0016 7146**

#### 4) PERCORRIDO CARREIRA ABSOLUTA.

- Circuito urbano (asfalto, totalmente plano) de 2.5 km. de percorrido ao longo da Avda. De Montero Rios (beiramar) o que hai que dar dúas voltas como se pode ver na imaxe:



#### 5) ENTREGA DE PREMIOS.

- CATEGORIA 1,2 e 3: Medallas ou agasallos para tod@s os participantes.
- CATEGORIAS ABSOLUTA: Trofeo para os tres primeir@s clasificados(trofeos non acumulativos)
- AGASALLOS PARA TODOS OS PARTICIPANTES: Ó final do evento na entrega de trofeos realizaranse un sorteos de diferentes agasallos que doaron as casas colaboradoras entre todas as probas: Andaina, Categorias inferiores e categoria absoluta.

**Todo o que non apareza reflectido neste Regulamento se rexerá pola normativa a Federación Internacional de Atletismo (IAAF).A participación na I Carreira pola Diabetes leva consigo a total aceptación do Regulamento presente.**